

Será moi difícil reciclar ó profesorado de educación infantil e primaria

O ministro de Educación, Javier Solana, deu a coñecer os proxectos de reais decretos que desenvolven a Loxse, despois da Conferencia de conselleiros de Educación das sete comunidades autónomas con competencias en materia educativa, que presidida polo ministro se celebrou a pasada semana en Madrid. Os proxectos de reais decretos presentados son os que regulan as ensinanzas mínimas, os requisitos mínimos dos centros e o calendario de aplicación da Reforma.

A estes borradores hai que engadir os dous que se están a negociar na Mesa Sectorial de Educación, nos que se regula o ingreso con carácter transitorio na función pública docente e outro polo que se regula a mobilidade entre corpos docentes e o primeiro acceso á condición de catedrático.

Polo seu interese para o conxunto de profesorado damos comprida información do contido dos borradores no relativo ó calendario en ensinos mínimos. Considérase que no mes de abril, cando sexan publicados no B.O.E., entrarán en vigor estes decretos.

Un dos aspectos máis sobresalientes da reforma educativa é o que se refire á redución do número de alumnos/as por aula, xa que este ven sendo un dos cabalos de batalla máis importantes dos últimos anos na ensinanza en Galicia.

Aulas con máis de coarenta alumnos/as ven sendo o normal nos derradeiros anos, con todo o que elo conleva de diminución da calidade do ensino.

Vintecinco alumnos

Pois ben, según a reforma educativa posta en marcha polo Ministerio, a partir do curso 1992-93, para os centros sostidos con fondos públicos o número máximo de alumnos/as por aula no primeiro curso de E.S.O. será de trinta, este compromiso estenderase ó 2º curso a partir do ano 1993-94; ó 3º no 1994-95; ó 4º no 1995-96; ó 5º no 1996-97 e ó 6º no 1997-98.

A partir do curso 1994-95, para os centros sostidos con fondos públicos o número máximo de alumnos/as por aula no primeiro curso de E.S.O. será de trinta, este compromiso estenderase ó 2º curso a partir do ano 1995-96; ó 3º no 1996-97 e ó 4º no 1997-98.

As diferentes Administracións Educativas competentes poderán adaptar estes prazos, en función da súa propia planificación e dentro do ámbito temporal de dez anos establecido pola Loxse. As Administracións Educativas procederán a crea-

A reforma educativa xa está en marcha

□ O número de alumnos por aula verase reducido




As aulas terán menos de coarenta alumnos.

ción progresiva dos servizos especializados de orientación educativa, psicopedagóxica e profesional que atendan ós centros docentes, de xeito que o proceso quede completado no momento da implantación total dos respectivos niveis e etapas do novo sistema. Dentro do ámbito temporal deste calendario, as Administracións Educativas dotarán progresivamente, ós centros que o requiran de profesorado e doutro persoal de apoio para a axeitada atención do alumnado con necesidades educativas especiais.

Co fin de permiti-la estensión dos ciclos formativos de formación profesional e a introdución progresiva do Bacharelato, as Administracións educativas poderán dispoñer da implantación do segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria, nun número determinado de centros, con anterioridade ós prazos previstos.

MANUEL BRAGADO
(Nova Escola Galega)



O reciclaxe do profesorado será un grave problema en Galicia.

A dificultosa implantación

A partir de agora e cando ás administracións educativas lles agarda o trago máis difícil: vence-los receos do profesorado sobre os resultados educativos da Lei e acadar un maior apoio social. Estes receos e desconfianzas son razoables, porque o Ministerio e a Consellería de Educación non quixeron ou non puideron transmitir ó profesorado, e por ende a toda a comunidade educativa, as interrogantes da reforma.

O profesorado ten pouca información sobre as consecuencias da Reforma que ven, e os esforzos de difusión e debate atoparon moi escasa acollida nos centros escolares.

Pouco a pouco vanse coñecendo algunhas das concrecións da implantación da Reforma. O establecemento dun calendario, do que damos conta nestas páxinas, que parece xa definitivo, amosa que o Ministerio de Educación quere un ritmo rápido para a implantación da reforma educativa nas etapas infantil e primaria (dos 3 os 12 anos), optando por unha certa ralentización da educación secundaria obrigatoria, etapa na que hai unha coincidencia xeralizada que é clave no éxito da presente reforma educativa, tanto polo seu carácter comprensivo, como polas modificacións que se introducen no ordenamento da formación profesional, na organización dos centros e do profesorado.

O calendario está para dez anos e ten un carácter prescricional para tódalas Comunidades Autónomas, admitindo a posibilidade dunha implantación anticipada, en determinados centros, do segundo ciclo da Secundaria Obrigatoria.

Criterio

O día de hoxe, descoñecemos-lo criterio da Consellería de Educación. Sen embargo, dúbidos da viabilidade deste calendario na nosa Comunidade, onde precisamente, aínda non se publicou oficialmente documento curricular ningún sobre educación primaria. Onde non se planificou o proceso de implantación, tanto no referido á rede de centros, ou á comarcalización dos servizos e recursos de apoio ós centros, a reciclaxe do profesorado en linguas estranxeiras, onde non existe unha valoración dos custos financeiros, nin un compromiso por parte da Consellería de Educación de asumilas medidas de mellora da calidade educativa que propón o Ministerio de Educación e Ciencia.

Será moi difícil reciclar en Galicia a todo o profesorado de educación infantil e primaria, no novo marco curricular que se propón, nun so curso académico. Será moi difícil comeza-la implantación gradual do segundo ciclo de educación infantil, que recordemos se inicia ós 3 anos, xa no vindeiro curso, que está a seis meses vista.

CALENDARIO

Un ámbito temporal de dez anos

- **Curso 1991-92:** implantación gradual do segundo ciclo da Educación Infantil.
- **Curso 1992-93:** implantación con carácter xeral do primeiro ciclo da educación primaria (deixarán de impartirse as ensinanzas de 1º e 2º de EXB).
- **Curso 1993-94:** implantación con carácter xeral dos ciclos segundo e terceiro da educación primaria (deixarán de impartirse as ensinanzas de 3º, 4º, 5º e 6º da EXB).
- **Curso 1994-95:** implantación con carácter xeral do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria (deixarán de impartirse as ensinanzas de 7º e 8º de EXB).
- **Curso 1995-96:** implantación con carácter xeral do terceiro curso da educación secunda-

- ria obrigatoria (deixarán de impartirse as ensinanzas de 1º de BUP e 1º de FP1).
- **Curso 1996-97:** implantación con carácter xeral do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria (deixarán de impartirse as ensinanzas de 2º de BUP e 2º de FP1).
- **Curso 1997-98:** implantación con carácter xeral do primeiro curso de Bacharelato e da Formación Profesional de grado medio.
- **Curso 1998-99:** implantación con carácter xeral do segundo curso de BUP (deixarán de impartirse as ensinanzas de COU e 2º de FP2).
- **A FP específica de grado superior implantarase progresivamente ó longo deste calendario. En todo caso no curso 1999-2000 deixarán de impartirse as ensinanzas de 3º de FP2.**

EDUCACION PRIMARIA

Cada centro docente completará e desenvolverá o currículo

Dos 2 ós 6 anos establécense tres ciclos educativos

□ Cada un deles terá dous anos de duración

A Loxse establece que a educación primaria, dos seis ós doce anos, organizarase en tres ciclos de dous anos de duración cada un.

Os alumnos deberán acadar os seguintes obxectivos ó longo da súa participación na Educación Primaria:

- Coñecer e apreciar o propio corpo e contribuír ó seu desenvolvemento, adoptando hábitos de saúde e benestar e valorando as repercusións de determinadas conductas sobre a saúde e a calidade de vida. Actuar con autonomía nas actividades habituais e nas relacións de grupo, desenvolvendo as posibilidades de tomar iniciativas e de establecer relacións afectivas.

- Colaborar na planificación e realización de actividades en grupo, aceptando as normas e regras democráticamente establecidas, artellar os obxectivos e intereses propios cos dos outros membros do grupo, respectando puntos de vistas distintos e asumir as responsabilidades que correspondan.

- Establecer relacións equilibradas e, sobre todo, construktivas coas persoas en situacións sociais coñecidas, comportarse de xeito solidario, rexeitando as discriminacións baseadas nas diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais do individuo e da sociedade.

- Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do entorno natural e social máis cercano, e contribuír activamente, no posible, á defensa, conservación e mellora do medio ambiente.

- Coñece-lo patrimonio cultural, participar activamente na súa conservación e mellora e

respetar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos, desenvolvendo unha actitude de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

- Comprender e expresar todo tipo de mensaxes orais e escritas en castelán e, elaborando no seu caso, na lingua propia da Comunidade Autónoma, atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación, así como comprender mensaxes orais e escritas sinxelas e contextualizadas en lingua estranxeira.

- Comunicarse a través de medios de expresión verbal, corporal, visual, plástica, musical e matemática, desenvolvendo a sensibilidade estética, a creatividade e a capacidade para disfrutar das obras e manifestacións artísticas.

- Identificar e prantexar interrogantes e problemas a partir da experiencia cotiá, empregando tanto os coñecementos e os recursos materiais á man coma a colaboración doutras persoas para resolvelos de xeito creativo.

- Empregar na resolución de problemas sinxelos os procedementos oportunos para obter a información pertinente e representala mediante códigos, tendo en conta as condicións necesarias para a súa solución definitiva.

- Aprecia-la importancia dos valores básicos que rexan a vida e a convivencia humana e obrar en consonancia con eles.

Ensinanzas mínimas

O artigo cuarto, apartado dous da Loxse establece que o Goberno será o encargado de fixar, en relación cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do currículo, os aspectos



Os alumnos deberán realizar e planificar actividades en grupo.

os básicos do mesmo que constituirán as ensinanzas mínimas coa intención de garantir unha formación común de todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes.

Neste borrador de decreto de ensinanzas mínimas, no seu Anexo número I especificanse para as diferentes áreas desta etapa os aspectos básicos do currículo: obxectivos xerais, bloques de contidos (tanto de carácter conceptual, procedemental como actitudinal) e criterios de avaliación.

Determinación do currículo

As Administracións educativas competentes, no noso caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, establecerán

o currículo de educación primaria, do que formarán parte, en todo caso, os ensinamentos mínimos fixados polo citado Real Decreto.

Fomentarase a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecendo o traballo en equipo do profesorado e estimulando a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

Cada centro docente da Comunidade Autónoma completará e desenvolverá o currículo mediante a elaboración de proxectos e programacións curriculares, respondendo os seus obxectivos, contidos, criterios de avaliación, secuenciación e metodoloxía ás características do seu alumnado.

M. B.

A avaliación será según os obxectivos educativos

A avaliación realizarase en relación cos obxectivos educativos e cos criterios de avaliación establecidos no currículo. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e global, tendo en conta as distintas áreas do currículo.

O profesorado deberá avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado ó longo do curso, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente durante o curso.

O remate de cada ciclo, e como consecuencia do proceso de avaliación, dedicarase a promoción do alumnado ó ciclo seguinte.

No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente ós obxectivos programados no curso, o profesorado deberá adoptar as oportunas medidas de reforzo educativo e, no seu caso, de adaptación curricular para que o alumno responda.

A decisión de que un alumno a permaneza un ano máis no mesmo ciclo educativo só poderá adoptarse unha vez ó longo de toda a etapa da educación primaria.

Profesor tutor

As decisións derivadas do proceso de avaliación continua adoptaranse polo profesor tutor, ó remate de cada ciclo tendo en conta os informes dos outros profesores do grupo de alumnos.

O Ministerio de Educación e Ciencia, previo informe das respectivas Comunidades Autónomas, determinará con exactitude os elementos básicos dos informes da correspondente avaliación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que sexan precisos para garantir a mobilidade dos alumnos/as.

Todas estas medidas contribuirán a unha mellora xeral da avaliación global en relación a súa situación actual no marco do ensino.

Áreas e horario das materias mínimas de primaria

□ Márcanse condicións específicas para a lingua propia

As áreas da educación primaria serán: coñecemento do medio natural e social; educación artística e física; lingua castelá, galega e literatura; lingua estranxeira e matemáticas. No anexo II do borrador do decreto establécense para as diferentes áreas o horario escolar correspondente ós contidos básicos dos ensinamentos mínimos.

A) Para o primeiro ciclo (1º e 2º)

- Coñecemento do medio natural, social e cultural: 175 h.
- Educación Artística: 140 h.
- Educación Física: 140 h.
- Matemáticas: 175 h.

B) Para cada un dos outros ciclos (3º e 4º, 5º e 6º)

- Coñecemento do medio natural, social e cultural: 170 h.
- Educación Artística: 105 h.
- Educación Física: 105 h.
- Lingua castelá e literatura: 275 h.
- Linguas estranxeiras: 170 h.
- Matemáticas: 170 h.

De acordo co establecido no artigo 4 da Loxse, as Comunidades Autónomas con lingua oficial distinta do castelán, como no caso de Galicia, disporán, en relación cos horarios dos ensinamentos mínimos, das áreas de ámbito lingüístico, do 10%

de horario escolar total para a organización dos ensinamentos da súa lingua propia. En todo caso, garantirán unha distribución proporcional de dito porcentaxe entre as áreas lingüísticas.

O borrador do Real Decreto tamén establece que aquelas "Administracións educativas poderán adapta-lo horario dos ensinamentos do primeiro ciclo da Educación Primaria para grupos de alumnos que participen en programas lingüísticos específicos, sen prexuício do cumprimento do número mínimo de horas sinaladas para cada área no conxunto da etapa, e respectando os obxectivos e contidos mínimos".



EDUCACION SECUNDARIA

Os alumnos deben coñecer e apreciar o patrimonio cultural

A educación secundaria obrigatoria comprenderá catro anos académicos, desde os doce ós dezaseis anos, organizándose en doce ciclos de dous anos cada un. Os alumnos e alumnas deberán acadalos seguintes obxectivos ó longo da E.S.O.

- Coñecer e comprender os aspectos básicos do funcionamento do propio corpo e das consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e as decisións persoais, e valoralos beneficios que supoñen os hábitos de exercicio físico, de hixiene e dunha alimentación equilibrada, así como levar unha vida sa.

- Formarse unha imaxe axustada de sí mesmo, das súas características e posibilidades, e desenvolver as actividades de forma autónoma e equilibrada, valorando o esforzo e a superación das dificultades.

- Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, libres de inhibicións e prexuízos, rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

- Analiza-los mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial relativos de deberes e dereitos ós cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais e actuar con autonomía e iniciativa na vida activa e adulta.

- Analiza-los mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valoralas repercusións que sobre él teñen as actividades humanas e contribuir activamente á defensa conservación e mellora do mesmo como elemento dominante da calidade de vida.

- Coñecer e valoralo desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e incidencias no seu medio físico e social.


- Coñecer e apreciar o patrimonio cultural e contribuir activamente a súa conservación e mellora, entende-la diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos, e desenvolver unha actitude de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

- Comprender e producir mensaxes orais e escritos con propiedade, autonomía e creatividade en castelán en lingua propia da súa Comunidade Autónoma, e ó menos nunha lingua estranxeira, empregándoos para comunicarse e para organizar os propios pensamentos, e reflexionar sobre os procesos implicados no uso da linguaxe.

- Interpretar e producir con propiedade, autonomía e crea-

A segunda etapa obrigatoria vai constar de catro anos

□ Dos 12 ós 17 anos haberá dous ciclos



Un dos obxectivos é comprender e producir mensaxes orais e escritos.

tividade mensaxes que empreguen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as posibilidades de comunicación e reflexionar sobre os procesos implicados no seu uso.

- Elaborar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos do coñecemento e a exposición mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.

- Obter e seleccionar información utilizando as fontes en que habitualmente se atopa disponible, tratada de xeito autónomo e crítico, cunha finalidade previamente establecida e transmitila ós demais de xeito organizado e intelixible.

- Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valorados críticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral como persoas.

As áreas da Educación Secundaria Obrigatoria serán: ciencias da natureza; ciencias sociais, xeografía e historia; educación física; educación plástica e visual; lingua castelá, galega e literatura; linguas estranxeiras; matemáticas; música; e tecnoloxía.

As áreas anteriores serán cursadas por tódolos alumnos ó longo dos dous ciclos da etapa. Non obstante, no cuarto ano da etapa, os alumnos e alumnas haberán de elixir dous das catro áreas seguintes: ciencias da natureza; educación plástica e visual; música e tecnoloxía.

As diferentes administracións educativas competentes poderán dispoñer que a área de ciencias da natureza se organice, no segundo ciclo da etapa, en dúas materias diferentes, mantendo, en todo caso, o seu carácter unitario a efectos de avaliación. O mesmo poderá

sucedere na área de matemáticas, que no cuarto curso, poderá ser organizada en dúas variedades de diferente contido.

Así como tamén o bloque de contidos: A vida moral e a reflexión ética, incluído dentro da área de Ciencias Sociais, que poderá organizarse como materia específica dentro do último curso da etapa.

Ademais de tódalas áreas mencionadas, o currículo de E.S.O. comprenderá materias optativas, que terán maior lectivo o final da etapa. En todo caso os centros ofertarán, con carácter optativo para os alumnos, ás ensinanzas dunha segunda lingua estranxeira en to-

da a etapa, e da cultura clásica, ó menos nun ano do segundo ciclo.

Curriculo

Igual que no caso da educación primaria, o borrador do decreto de E.S.O. especifica no seu anexo I, para as diferentes áreas da etapa, os aspectos básicos do currículo. A Consellería de Educación deberá establecer o currículo de E.S.O. para Galicia. Deberá fomentar-se a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecendo o traballo do equipo docente.

M.B.

Horarios escolares

No anexo II do borrador deste decreto establécese o horario escolar correspondente ós ensinamentos básicos dos ensinamentos mínimos.

A) Para o primeiro ciclo (1º e 2º de E.S.O.)

- Ciencias da Natureza: 140 h.
- Ciencias Sociais, Xeografía e Historia: 140 h.
- Educación Física: 70 h.
- Educación visual e plástica: 70 h.
- Lingua castelá e Literatura: 210 h.
- Linguas estranxeiras: 210 h.
- Matemáticas: 140 h.
- Música: 70 h.
- Tecnoloxía: 125 h.

B) Para o segundo ciclo (3º e 4º de E.E.U.)

- Ciencias da Natureza: 90 h.
- Ciencias Sociais, xeografía e Historia: 100 h.
- Educación Física: 70 h.
- Educación Plástica e visual: 35 h.
- Lingua Castelá e Literatura: 240 h.
- Linguas estranxeiras: 240 h.
- Matemáticas: 160 h.
- Música: 35 h.
- Tecnoloxía: 70 h.

Ademais dun total de 170 horas, no segundo ciclo, para dúas áreas a elixir entre as catro mencionadas.

De acordo co establecido na Loxse Comunidades Autónomas con lingua oficial distinta do castelán, disporán en relación aos horarios dos ensinamentos mínimos das áreas do ámbito lingüístico do 10% do horario escolar total para a organización do ensino da súa lingua, garantizando, en todo caso, unha distribución proporcional desta porcentaxe entre as diferentes áreas lingüísticas.

Avaliación

Realizarase tendo en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación establecidos no currículo. Será continua e integradora, anque diferenciada segundo as distintas áreas. A avaliación será realizada polo conxunto dos profesores e profesoras do respectivo grupo de alumnos/as, coordinada polo profesor tutor, actuando o profesorado de xeito colexiado ó longo do proceso de avaliación. O remate do primeiro ciclo e de cada un dos cursos do segundo ciclo, e como consecuencia do proceso de avaliación, decidirase a promoción dos alumnos/as ó ciclo ou o curso seguinte.

Neste contexto de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non responda ós obxectivos programados, os profesores/as adoptarán as oportunas medidas de reforzo educativo e, no seu caso, de adaptación curricular. No marco destas medidas, ó remate do primeiro ciclo e do terceiro curso os profesores/as decidirán se o alumno/a promociona ou non, ó ciclo ou curso seguinte. A decisión adoptada irá acompañada, no seu caso, de medidas educativas complementarias encamiñadas a contribuir a que o alumno acade os obxectivos programados. A decisión de que un alumno/a permaneza un ano mais nun ciclo ou curso poderá adoptarse o remate do primeiro ciclo ou dalgún dos cursos do segundo.

Diversificacións curriculares

Para alumnos con mais de dezaseis anos os equipos docentes poderán establecer diversificacións do currículo nos termos previstos pola LOXSE. Estas diversificacións estableceronse previa avaliación psicopedagóxica, oídos os alumnos e os seus pais, e co informe da inspección educativa.

Estas diversificacións terán como obxectivos que os alumnos/as adquiran as capacidades xerais propias da etapa. Con este fin, as actividades educativas do currículo diversificado incluírán, alomenos, tres áreas do currículo básico e, en todo caso, incorporarán elementos formativos de ámbito lingüístico e social, así como elementos do ámbito científico-tecnolóxico.

Acreditación

Para os alumnos/as que non acaden os obxectivos desta etapa organizaranse programas específicos de garantía social, ao fin de proporcionarles unha formación básica e profesional que lles permita incorporarse á vida activa ou proseguir os estudos.

Tódolos alumnos/as, en calquera caso, recibirán unha acreditación do centro educativo, na que consten os anos cursados e as calificacións obtidas nas distintas áreas, esta acreditación irá acompañada dunha orientación sobre o futuro académico e profesional do alumno, que en ningún caso será prescriptiva e terá carácter confidencial.

Un dos apartados máis interesantes está adicado ó estudo do medio


No Museo Municipal remata hoxe a exposición sobre recursos pedagóxicos alternativos, organizada pola ASPGP, que centrou o interese durante quince días de tódalas persoas interesadas na renovación educativa galega e mesmo da veciña localidade de Braga. Haberá que agardar a maio para ter novas exposicións de temática semellante e dun interese tamén considerable. Na primeira semana será "Ferrer Guardia e a Escola Moderna", unha exposición enmarcada no movemento sociopolítico e cultural de finais do XIX e comenzo do XX. O lugar de exposición é o sótano do Colexio Universitario ourensano. De seguido, o Museo Municipal acollerá a exposición "100 anos de escola en Ourense" preparada por profesoras da Sección de Pedagogía da Facultade de Humanidades. Entretanto "Ferrer e a Escola Moderna" percorrerán Pontevedra, Santiago e A Coruña, debido ó respaldo das tres Universidades galegas prestaron ó proxecto.

Estudo do medio

Na exposición que remata hoxe un apartado salientable é o estudo do medio como método e recurso alternativo. Movementos de renovación, concellos, CEPS, ICES e demais organizacións enviaron a mostra materiais representativos das súas publicacións encol deste tema. O Institut de Ciències de L'Educació da Universitat Autònoma de Barcelona enviou traballos coma: "Hacer historia, primera fase de investigación", de A. del Baño, J. Domínguez, C. García, M.A. Loste, M. Martínez, J. Prats, J. Santacana, I. Socías, G. Zaragoza; "Les Nostres Contrades: l'Urgell vol. I: La Geografía i L Població", del Grup de Recerca Pedagògica de Tárrega; "Les Nostres Contrades: l'Urgell vol. II: La Història", del Grup de Recerca Pedagògica de Tárrega; "Teories i Experiències Didàctiques: Un debat necessari", II Trobada de Seminari d'Història i Geografia d'Ensenyament Secundari; "Itinerari urbà i històric de Molins de Rei", de J. Janés, J. Ribas; "Quins continguts? Quins Ensenyants?", IV Trobada de Seminari d'Història, Geografia i Formació Humanística d'Ensenyament Secundari; "Ciències socials al cicle superior", Jornades d'experiències didàctiques;

Tempo de exposicións pedagóxicas

□ Hoxe clausúrase a mostra de recursos alternativos



A exposición está organizada pola ASPGP.

"Vocabulari d'Història de Catalunya. Del segle IX al 1714.", de J.J. Almirall, J. Calvet, E. Conejero e "Evolución Histórica i social del Barri de Sant Andreu", de Catalá J. Vidal.

O Concello de Ourense aporta unha colección de materiais publicados con Nova Escola Galega, os programas de actividades do Departamento de Educación, e os materiais de apoio ó profesorado.

Vigo enviou materiais pedagóxicos diversos: "Vigo arqueolóxico", "dous xardíns urbanos", "guía de recursos didácticos de Vigo para a escola", "Cruceiros, cruces e petos de ánimas no Concello de Vigo", "Unidades didácticas sobre a cultura castrexa"...

Fene ten "recursos municipais en materia educativa", onde recolleu os recursos ofertados cada ano.

Oleiros é un dos Concellos que máis ten traballado no campo da educación ambiental.

Outros materiais pertencen ós concellos de Moaña, Narón, A Coruña, Santiago.

Educación para a paz

Este é un ámbito de renovación posto de actualidade tanto pola variedade e calidade do traballo realizado polos educadores/as para a paz durante a

década pasada, como polo curso actual dos conflitos internacionais nos que o Estado español xoga un papel determinante, anque subordinado e dependente.

O traballo dos Educadores pola paz den lugar a unha variedade de produción de materiais alternativos.

O grupo de Nova Escola Galega aporta á exposición os libros de "Educar para a paz" e xogos cooperativos, e as unidades didácticas publicadas polos concellos de Santiago e Coruña e a través do suplemento "Na Escola".

Hai tamén materiais de Amnistía Internacional, APDH, CIP

UNESCO, CXTG, SGTE.

Sodepaz aporta o "Calendario educativo para la paz y la igualdad". Mon 3: Universitaris pel tercer mon aportan "El tercer mon al teu Centre. I tu, en que penses? e outras unidades didácticas para o coñecemento do 3º mundo.

Finalmente, e por non ter máis espacio, salientamos o traballo de Cruz Vermella que se concreta en moi diversas publicacións.

Citemos a "Proposta didáctica para traballar os dereitos dos nenos", o "Taller de educación non sexista" o dossier "Educación para la paz", elaborado por Manoela Mesa.

COLECTIVOS

MRPs e CEP

Os MRP's responderá de xeito desigual. Os organizadores presentan "O ensino" a diversas unidades didácticas publicadas pola propia ASPGP ou nas páxinas deste xornal. A coordinadora de MRP's andaluzas enviou a revista "Escuela Popular", que edita dende decembro de 1990. Nova Escola Galega aporta a Revista galega de educación, boletíns internos, itinerarios naturais, os momentos megalíticos, memoria de actividades 1989, o modelo de normalización lingüística, o documento por unha escola pública e diversos materiais de organizacións coas que manteñen boas relacións, no ámbito da educación para a paz, tratado máis adiante. O CEP de Miranda do Ebro expón unha rica variedade de materiais, dende un "método de lecto escritura "Paolo Freire" adaptado para nenos", até cancións e xogos infantís, xogos aplicados á educación física, e guías didácticas. Tamén hai materiais dos CEP de Zafra, Guadalajara e Belmonte.

□ NOVAS

Premio para o instituto "Blanco Amor"

Varios centros de ensinanza medias de Galicia teñen participado na última convocatoria de premios "Prensa-Escuela" que convoca anualmente o Ministerio de Educación e Ciencia. Entre os traballos que foron premiados atópase un realizado polo Instituto de Bacharelato "Eduardo Blanco Amor" de Ourense, que recibiu un accésit de cen mil pesetas.

A experiencia foi desenvolvida polos alumnos de 2º curso de BUP, dentro da asignatura de Xeografía e Historia, por un traballo realizado baixo o título: A demografía: o seu tratamento na prensa e coordinada polo profesor Emilio Ulloa.

Alumnos dos Institutos Sánchez Cantón e Valle Inclán de Pontevedra presentaron un traballo baixo o título: O sexenio revolucionario: unha visión a través da prensa, realizado por un grupo de 3º de BUP.

Evolución dos países do Leste en Europa. Un modelo: a Unión Soviética, foi o traballo presentado por un grupo de alumnos da rama administrativa (FP2), na área de formación humanística do Instituto de Formación Profesional "Fernando Wirtz" de A Coruña.

Un seminario, "Pinceladas-Ruada" foi o traballo presentado por alumnos/as do Instituto de Formación Profesional do Meixueiro de Vigo.

Cursos de formación do profesorado

A Consellería de Educación convoca doce cursos de formación de profesorado especialistas en lingua galega a celebrar en A Coruña, Melide, Cee, As Pontes, Lugo, Monforte, Ourense, Barco de Valdeorras, Vigo, Pontareas, Vilagarcía e Pontevedra. O comenzo dos devanditos cursos será no mes de abril e a fase teórica rematará antes do 30 de outubro. O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo 7 de marzo nas delegacións provinciais respectivas.

NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Xosé Manuel Cid (coordinador).

Mercedes Suárez Pazos; Antonio Fernández Pereira; Mercedes González Sanmamed; David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez; Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora: Nova Escola Galega.

GARABULLINO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

